

## **CEIP SAN FRANCISCO JAVIER - ENTROIDO 2023**

Estimadas familias:

O vindeiro Venres día 17 de febreiro, terá lugar a celebración do Entroido no colexio.

Este ano, retomando a tradición anterior á pandemia, imos realizar un pasarrúas polos arredores do centro co seguinte percorrido :

Sairemos do colexio empezando polos grupos de 6º nivel de Educación Primaria aos que se irán unindo polos corredores os demais grupos en orde descendente.

Atravesaremos o Pavillón Polideportivo para saír á rúa Posse, entrando despois na Praza do Corte Inglés para percorrer esta praza e volver de novo ao centro polo Pavillón.

O horario previsto é:

**12:10 h:** Saída da aula

**12:20 h á 13:20 h :** Pasarrúas.

**13:20 h:** Retorno do alumnado ó centro



### **Observacións importantes:**

- As comparsas serán por niveis e irán acompañadas polo profesorado. Asemade contaremos coa colaboración de persoal de Protección Civil e/ou policía local.
- O público asistente ao pasarrúas deberá colocarse aos lados da comitiva para non interferir na marcha desta.
- O alumnado deberá manterse en todo momento coa súa comparsa debendo evitar paradas innecesarias (fotos, etc.) que interrompan a boa marcha do pasarrúas.
- En ningún momento poderá saír o alumnado do grupo.
- Pregamos a implicación do público asistente cos cánticos:
  - **Vaia disfraces tan chulos ! ( Cantan os nenos e as nenas).**
  - **As familias veñen ver . ( Cantan as familias).**
  - **Son do cole San Francisco . ( Cantan os nenos e as nenas).**
  - **Do San Francisco Xabier. ( Cantan as familias).**
- **Adxuntamos a canción con pictogramas.**

Agradecendo de antemán a colaboración de todos/as nesta festa de Entroido e desexando que todos gocemos deste pasacalles.

Recibide un cordial saúdo: EACE.


VAIA !!!



Vaia disfraces tan chulos ! (Cantan os nenos e as nenas).



As familias veñen ver . (Cantan as familias).



**SAN FRANCISCO**

Son do cole San Francisco . (Cantan os nenos e as nenas).

**DO**

**SAN FRANCISCO**

**XABIER**

Do San Francisco Xabier. (Cantan as familias).